

Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****CERDEDO-COTOBADE****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO MUNICIPAL DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN**ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO MUNICIPAL DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN*

O Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade, en sesión celebrada con data de 26.10.2023 adoptou acordo de aprobación inicial do Regulamento municipal do sistema interno de información, someténdose a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da provincia, onde foi publicado con data 31.10.2023 (BOP número 210).

Rematado o prazo de exposición ao público sen presentárense reclamacións elevase a definitivo o acordo provisional e en cumprimento do establecido cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Loca, procédese a súa publicación íntegra.

*REGULAMENTO MUNICIPAL REGULADOR DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN**PREÁMBULO*

O 16 de decembro de 2019 entrou en vigor a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento europeo e do Consello de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, coñecida como Directiva Whistleblowing, obriga á implementación de canles de denuncias internos, entre outros, ás Administracións locais en función do seu tamaño, ademais de prever un importante elenco de medidas para protexer ao denunciante.

A Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, incorpora ao ordenamento xurídico español a anteriormente citada directiva.

As canles de denuncias internos son considerados como unha ferramenta eficaz para a loita contra a corrupción, tendo en conta que quen queira denunciar sobre unha irregularidade no seo dunha administración pública non terá que recorrer a canles externas (ex. medios de comunicación, redes sociais) e unha esixencia ineludible ao amparo da citada directiva, sen prexuízo da marxe de que dispoñen os Estados membros nas normas de transposición.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

Como establece o considerando (1) da Directiva, as persoas que traballan para unha organización pública ou privada ou están en contacto con ela no contexto das súas actividades laborais son a miúdo as primeiras en ter coñecemento de ameazas ou prexuízos para o interese público que xorden nese contexto. Ao informar sobre infraccións do Dereito da Unión que son prexudiciais para o interese público, ditas persoas actúan como denunciante (en inglés coloquialmente whistleblowers) e por iso desempeñan un papel clave á hora de descubrir e previr esas infraccións e de protexer o benestar da sociedade. Con todo, os denunciante potenciais adoitan renunciar a informar as súas preocupacións ou sospeitas por temor a represalias. Neste contexto, é cada vez maior a necesidade de prestar unha protección equilibrada e efectiva aos denunciante.

O Sistema interno de información debe reunir determinados requisitos, entre outros, o seu uso alcanzable, as garantías de confidencialidade, as prácticas correctas de seguimento, investigación e protección do informante, e sobre todo que se permite a comunicación anónima. Así mesmo, resulta indispensable para a eficacia do Sistema interno de información a designación do responsable do seu correcto funcionamento.

O procedemento establecido cumpre coas previsións necesarias para que o Sistema interno de información e as canles internas de información existentes cumpran cos requisitos establecidos nesta lei.

Conforme ao exposto, o presente regulamento se adecúa aos principios de boa regulación, concretamente aos principios de necesidade e de eficacia, pois se dita en cumprimento da obrigação establecida na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, de dispor dun Sistema interno de información en virtude do Dereito da Unión Europea como instrumento adecuado de integridade pública e para loitar contra a corrupción nas Administracións Públicas.

O principio de seguridade xurídica satisfáise ao completarse o marco normativo municipal de maneira coherente e integrada co resto do ordenamento xurídico. Tamén se incorporan os principios de proporcionalidade e eficiencia, dado que as medidas introducidas conteñen a regulación imprescindible para atender as necesidades existentes e os obxectivos perseguidos, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias. Respecto do principio de transparencia, introdúcese unha regulación clara, que facilita o seu coñecemento, dentro da complexidade técnica que caracteriza ao contido da norma.

## TÍTULO I. OBXECTO DO REGULAMENTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

### ARTIGO 1. OBXECTO DO REGULAMENTO.

O presente Regulamento ten por obxecto regular o Sistema Interno de Información do Concello de Cerdedo-Cotobade e dos seus entes dependentes, de acordo co previsto no artigo 13.1 da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, en virtude do cal todas as entidades que



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

integran o sector público, estarán obrigadas a dispor dun Sistema interno de información (SII) nos termos previstos na citada lei.

#### ARTIGO 2. SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN.

1. O Sistema interno de información do Concello de Cerdedo-Cotobade está integrado polos recursos destinados ás investigacións e as tramitacións das denuncias presentadas ao abeiro da Lei 2/2023.

#### ARTIGO 3. POLÍTICA/ESTRATEGIA/PLAN MUNICIPAL DE FORTALECIMENTO DA INTEGRIDADE PÚBLICA E DEFENSA DO INFORMANTE.

A implantación do Sistema Interno de información e defensa do informante, intégrase dentro das actuacións incluídas na Plan antifraude municipal de fortalecemento da integridade pública e defensa do informante, aprobado polo pleno en data de 02.11.2022 publicado no BOPPO no 215 de 10 de novembro do 2022 e na sede electrónica.

#### ARTIGO 4. DEFINICIÓNS.

- *Consello de Contas*: ente de dereito público con personalidade xurídica propia dotado de autonomía e independencia orgánica e funcional respecto do executivo autonómico e do sector público, así como de toda entidade cuxa actividade poida ser sometida á súa supervisión, encargado da canle externa de comunicacións e que asume a condición de órgano consultivo e de asesoramento en materia de protección do informante, elaboración de modelos de prevención de delito no ámbito público e que exerce a competencia sancionadora na materia.
- *Denuncia*: a comunicación verbal ou por escrito de información sobre infraccións.
- *Denuncia interna*: a comunicación verbal ou por escrito de información sobre infraccións dentro do Concello e dos seus entes dependentes.
- *Denuncia externa*: a comunicación verbal ou por escrito de información sobre infraccións ante as autoridades competentes.
- *Informante*: persoa física que comunica ou revela publicamente información sobre infraccións obtida no contexto das súas actividades laborais.
- *Represalia*: calquera actos ou omisións que estean prohibidos pola lei ou que, de forma directa ou indirecta, supoñan un trato desfavorable que sitúe ás persoas que as sofren en desvantaxe particular con respecto a outra nun contexto laboral ou profesional, só pola súa condición de informantes, ou por realizar unha revelación pública.
- *Responsable da implantación*: órgano de administración ou de goberno responsable da implantación do Sistema interno de información, previa consulta coa representación legal das persoas traballadoras, e que terá a condición de responsable do tratamento dos datos persoais.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

- *Responsable do Sistema:* persoa física responsable da xestión e correcto funcionamento do Sistema interno de información designada e cesada polo órgano de goberno municipal.

*ARTIGO 5. ÓRGANO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN (PREVIA CONSULTA COA REPRESENTACIÓN LEGAL DAS PERSOAS TRABALLADORAS).*

1. O órgano responsable da implantación do Sistema interno de información é o Alcalde-Presidente deste Concello.

2. O Alcalde-Presidente deste Concello designará a persoa física responsable da xestión do Sistema Interno de Información o «Responsable do Sistema», e da súa destitución ou cesamento.

*ARTIGO 6. ÁMBITO OBXECTIVO DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN.*

1. O Sistema interno de información permite ás persoas relacionadas no art. 7 do presente regulamento comunicar información sobre accións ou omisións obtida no contexto laboral ou profesional que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave, entendéndose comprendidas todas aquelas que impliquen quebranto económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.

2. O Sistema interno de información tamén permite comunicar información sobre infraccións do Dereito da Unión Europea sempre que se cumpran as condicións establecidas no art. 2.1 a) da Lei 2/2023.

*ARTIGO 7. ÁMBITO SUBXECTIVO DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN.*

1. Terán a consideración de informantes en relación co Sistema interno de información, as persoas que teñan a condición de empregados públicos do Concello de Cerdedo- Cotobade e os seus organismos autónomos, e que obtivesen información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo en todo caso:

- a) Os accionistas, partícipes e persoas pertencentes ao órgano de administración, dirección ou supervisión das empresas municipais, incluídos os membros non executivos;
- b) Calquera persoa que traballe para ou baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas e provedores.

2. Tamén terán a consideración de informantes, aquelas persoas que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, voluntarios, bolseiros, traballadores en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración, así como a aqueles cuxa relación laboral aínda non comezase, nos casos en que a información sobre infraccións fose obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

*ARTIGO 8. DEBER DE INFORMACIÓN SOBRE A EXISTENCIA DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN.*

1. O persoal do Concello e dos seus entes dependentes serán informados acerca da existencia do Sistema Interno de información.

2. O órgano responsable do Sistema interno de información informará o persoal do Concello e dos seus entes dependentes, de forma periódica a través de consulta persoal ou telemática sobre as consultas aclaratorias referentes ao Sistema Interno de Información que poidan ser de interese xeral.

*ARTIGO 9. MEDIDAS DE PROTECCIÓN DO INFORMANTE/DENUNCIANTE.*

1. Os informantes/denunciantes terán dereito a protección en virtude do sinalado no presente Regulamento, e adoptaranse as medidas necesarias para garantir que estean protexidas fronte a represalias, sempre que:

- a) Teñan motivos razoables para pensar que a información sobre infraccións denunciadas é veraz no momento da denuncia, e que a citada información entra dentro do ámbito de aplicación do presente Regulamento.
- b) Denunciasen por canles internas ou por canles externas ou fixesen unha revelación pública.

2. Non se considerará que as persoas que comuniquen información sobre infraccións ou que fagan unha revelación pública de conformidade co presente Regulamento infrinxisen ningunha restrición de revelación de información, e non incorrerán en responsabilidade de ningún tipo en relación coa denuncia ou revelación pública, sempre que tivesen motivos razoables para pensar que a comunicación ou revelación pública da devandita información era necesaria para revelar unha infracción en virtude do sinalado no presente Regulamento.

3. Os denunciante non incorrerán en responsabilidade respecto da adquisición ou o acceso á información que é comunicada ou revelada publicamente, sempre que dita adquisición ou acceso non constituía de seu un delito. No caso de que a adquisición ou o acceso constituía de seu un delito, estarase ao disposto na lexislación penal aos efectos da esixencia de responsabilidade penal.

Esta protección non excluírá a aplicación das normas relativas ao proceso penal, incluíndo as dilixencias de investigación.

4. Calquera outra posible responsabilidade dos denunciante derivada de actos ou omisións que non estean relacionados coa denuncia ou a revelación pública ou que non sexan necesarios para revelar unha infracción en virtude do establecido neste Regulamento, rexeranse pola lexislación correspondente.

5. Nos procedementos ante un órgano xurisdiccional ou outra autoridade relativos aos prexuízos sufridos polos denunciante, e a reserva de que dita persoa estableza que denunciou ou fixo



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

unha revelación pública e que sufriu un prexuízo, presumirase que o prexuízo se produciu como represalia por denunciar ou facer unha revelación pública. En tales casos, corresponderá á persoa que tomase a medida prexudicial probar que esa medida se baseou en motivos debidamente xustificadas.

6. As medidas de protección previstas, tamén se aplicarán aos representantes legais das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio ao informante, así como ás persoas sinaladas no artigo 3.4 da Lei 2/2003, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

7. A protección prevista para as persoas traballadoras que informen sobre infraccións do Dereito laboral en materia de seguridade e saúde no traballo, enténdese sen prexuízo da establecida na súa normativa específica.

#### *ARTIGO 10. MEDIDAS DE APOIO.*

Os informantes terán dereito a acceder ás medidas de apoio establecidas nos artigos 37 e 38 da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

### *TÍTULO II. TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL*

#### *ARTIGO 11. TRATAMENTO DOS DATOS PERSOALS.*

1. Dado que o procedemento regulado neste Regulamento comporta o almacenamento de datos persoais, as condicións de implantación do Sistema Interno de Información están sometidas á lexislación comunitaria e española sobre protección de datos de carácter persoal, así como ao establecido no Título VIN da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción

2. Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, se se recompilan por accidente, eliminaranse sen dilación indebida.

3. Os datos persoais que se incorporen aos ficheiros serán tratados para xestionar eficazmente a denuncia ata o seu arquivo, resolución ou sobresemento. A información relacionada coa denuncia será almacenada durante o tempo que dure a investigación, sempre que os prazos non sexan excesivamente dilatados e poida levar un prexuízo para o denunciado.

Finalizada a investigación ou instrución da denuncia, os datos das denuncias sobre feitos non probados deben ser eliminados nun prazo de tres meses desde a finalización da investigación.

Os datos das denuncias sobre feitos probados deben conservarse durante a tramitación do procedemento e débense eliminar no prazo de tres meses desde a súa finalización.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

4. En todo caso, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación sen que se iniciaron actuacións de investigación, deberá procederse á súa supresión, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema.

#### *ARTIGO 12. CONSENTIMENTO PARA O TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS E DEREITOS DOS INTERESADOS.*

1. Requirirase o consentimento expreso e inequívoco da persoa que efectuase a denuncia para a inclusión e tratamento dos seus datos persoais no ficheiro correspondente, cuxa titularidade e tratamento corresponde ao Concello de Cerdedo-Cotobade, e que terá a consideración de ficheiro do nivel que corresponda, en función da información achegada.

2. Os informantes tamén deberán prestar o seu consentimento para que os seus datos de carácter persoal poidan ser cedidos ou comunicados ás Forzas e Corpos de Seguridade ou a outros órganos da Administración Pública, con competencias na investigación dos feitos denunciados, e aos Tribunais de Xustiza e demais órganos xurisdicionais.

3. Os/as interesados/as poderán en calquera momento exercitar os dereitos de acceso, verificación, rectificación, cancelación e oposición, respecto dos seus datos persoais mediante comunicación escrita dirixida ao Concello de Cerdedo-Cotobade ou a través do correo electrónico [dpd@cerdedo-cotobade.gal](mailto:dpd@cerdedo-cotobade.gal)

#### *ARTIGO 13. RESPONSABLES E ENCARGADOS DO TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS.*

1. O órgano responsable da implantación do Sistema interno de información terá a condición de responsable do tratamento dos datos persoais de conformidade co disposto na normativa sobre protección de datos persoais.

2. Os interesados terán dereito a coñecer a identidade do responsable do ficheiro que realiza o tratamento da información e a súa finalidade.

### *TÍTULO III. XESTIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN*

#### *ARTIGO 14. SEGURIDADE E CONFIDENCIALIDADE.*

O Sistema Interno de Información xestionarase dunha forma segura. A tales efectos, garantirase a confidencialidade da identidade do informante e de calquera terceiro mencionado na comunicación, e das actuacións que se desenvolvan na xestión.

#### *ARTIGO 15. RESPONSABLE DO SISTEMA.*

1. O Responsable do Sistema será a persoa responsable da función de cumprimento normativo das políticas de integridade e tódolos requisitos establecidos nesta lei.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

2. O Responsable do Sistema desenvolverá as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos municipais/ da entidade /organismo público municipal. A tales efectos, non poderá recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio, e deberá dispor de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

3. O Responsable do Sistema actuará en cada intervención con total independencia e pleno respecto ás persoas afectadas e garantirá, en todo momento, a confidencialidade no tratamento das denuncias e consultas que tramite.

4. Ao Responsable do Sistema que velará polo correcto funcionamento do Sistema, correspondéndolle o seguimento, cumprimento e comprobación da suficiencia das medidas recollidas no presente Regulamento, así como da tramitación dilixente do procedemento de xestión de informacións aprobado polo alcalde do Concello.

5. O responsable do Sistema interno de información, determinará a dependencia/autoridade municipal competente aos efectos de recepción e canalización das denuncias que se presenten polos informantes.

#### *ARTIGO 16. XESTIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN.*

1. A xestión do Sistema interno de información do Concello de Cerdedo-Cotobade da Canle de denuncias de Cerdedo-Cotobade realizarase a través de axente externo, tendo en conta que resultou acreditada a insuficiencia de medios propios través da plataforma Gestiona de Espublico.

2. A xestión externalizada do Sistema interno de información atópase limitada ao procedemento para a recepción das informacións sobre infraccións e, en todo caso, terá carácter exclusivamente instrumental, e esixirá en todo caso que este ofrezga garantías adecuadas de respecto da independencia, a confidencialidade, a protección de datos e o segredo das comunicacións.

3. Tamén se respectará a garantía de confidencialidade nos supostos das denuncias ou comunicacións que sexan recibidas a través de canles de denuncia/sistemas de información diferentes aos establecidos no artigo 2 deste regulamento, ou que aquelas fosen recepcionadas por membros do persoal non responsable do seu tratamento.

Neste último suposto débense cumprir os seguintes requisitos en relación co persoal sinalado:

- Previamente formouse a este persoal na materia.
- Advertiráselle que o quebranto da garantía de confidencialidade en relación coa información recibida está tipificado como infracción moi grave.
- O receptor da comunicación está obrigado a remitila inmediatamente ao Responsable do Sistema.





Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

*TÍTULO IV. PROCEDIMIENTO DE XESTIÓN DE INFORMACIÓNS/DENUNCIAS**CAPÍTULO I. PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓNS/DENUNCIAS/COMUNICACIÓNS**ARTIGO 17. PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓNS/DENUNCIAS/COMUNICACIÓNS.*

1. As persoas incluídas no ámbito subxectivo de aplicación deste Regulamento cando detecten unha conduta susceptible de denuncia de acordo co establecido no artigo 6 deste Regulamento, deberán pola en coñecemento do Concello de Cerdedo-Cotobade ben por escrito ou verbalmente, ou das dúas formas, a través dos seguintes medios:

- A canle de denuncias da sede electrónica
- A caixa de correos física habilitado para o efecto no concello. - correo postal
- Unha reunión presencial dentro do prazo máximo de sete días.

2. A formulación dunha denuncia interna supón a aceptación íntegra e sen reservas das normas de funcionamento do Sistema Interno de Información.

*ARTIGO 18. PRINCIPIOS QUE REXEN A PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓNS/ DENUNCIAS/ COMUNICACIÓNS.*

1. A presentación de denuncias/comunicacións/informacións estará rexido polos principios de boa fe, veracidade, rectitude e actuación en beneficio do Concello de Cerdedo- Cotobade e o interese xeral.

2. As persoas que efectúen unha comunicación a través dos medios dispostos neste Regulamento, deberán garantir que os datos persoais proporcionados son verdadeiros, exactos completos e actualizados.

3. A presentación de denuncias falsas ou de mala fe, poderá derivar na esixencia de responsabilidade administrativa previa a tramitación do correspondente procedemento sancionador, sen prexuízo da posible responsabilidade civil, pola lesión á honra ou a comisión dun delito de inxurias ou calumnias, que este tipo de comportamentos ou actuacións poidan levar.

4. O informante ten dereito a que se lle envíe acuse de recibo da súa comunicación no prazo de sete días naturais seguintes á súa recepción, salvo que iso poida pór en perigo a confidencialidade da comunicación.

5. Aos informantes e a quen leven a cabo unha revelación pública informaráselles, ademais, de forma expresa, de que a súa identidade será en todo caso reservada, que non se comunicará ás persoas ás que se refiren os feitos relatados nin a terceiros.

*ARTIGO 19. REQUISITOS MÍNIMOS DAS INFORMACIÓNS/DENUNCIAS/COMUNICACIÓNS.*

1. A información sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, pode levarse ao cabo de forma anónima ou con reserva da identidade do informante.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

2. A presentación dunha comunicación/denuncia polo informante non confire, por si soa, ao informante/denunciante a condición de interesado.

3. A denuncia reunirá os seguintes requisitos:

- Nos supostos de que non se trate de denuncias anónimas: identificación da persoa denunciante: nome e apelidos e datos de contacto (dirección de correo electrónico e/ou teléfono).
- Identificación da persoa ou persoas responsables da irregularidade, en caso de poder ser identificada.
- Irregularidade denunciada, debendo describirse os feitos e motivos da mesma con especificación do lugar e momento en que tiveron lugar os feitos.
- Achegaranse probas dos feitos denunciados sempre que sexa posible. Será válido calquera medio probatorio permitido en dereito, incluída a proba por indicios. Admitiranse con carácter preferente as probas documentais, aínda que tamén son admisibles probas testificais, incluídas o testemuño do propio denunciante, e instrumentos de reprodución de palabras, imaxes e sons. As probas deben obterse polo denunciante de forma lícita, é dicir con respecto á lei e os dereitos e as garantías constitucionais.

#### *ARTIGO 20. SUBSANACIÓN DA DENUNCIA/COMUNICACIÓN/INFORMACIÓN E SOLICITUDE DE INFORMACIÓN ADICIONAL.*

1. Se se considera que a denuncia/comunicación presentada non reúne os requisitos sinalados no artigo anterior, requirirase ao interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, procederase ao arquivo de denuncia/comunicación que deberá ser notificado ao denunciante.

2. Se se considera incompleta ou insuficiente a información achegada coa denuncia/comunicación presentada, manterase a comunicación co informante e, se se considera necesario, solicitaráselle a información adicional que se considere no prazo que se determine en función da información a presentar.

#### *ARTIGO 21. GARANTÍAS DE CONFIDENCIALIDADE DE DENÚNCIAS/INFORMACIÓN/COMUNICACIÓN.*

1. Co fin de garantir que as informacións/comunicacións/denuncias presentadas poidan tratarse de maneira efectiva dentro do Concello de Cerdedo-Cotobade co obxectivo de que o primeiro en coñecer a posible irregularidade sexa o propio Concello de Cerdedo-Cotobade, establécense as seguintes medidas:

- Unicamente terá acceso á canle de denuncias o persoal autorizado, quen informará ao órgano responsable do Sistema interno de Información.

2. Aos efectos de garantir a confidencialidade dos informantes, así como de calquera terceiro mencionado na comunicación, o Concello de Cerdedo-Cotobade implantará as seguintes medidas



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

de seguridade que impidan o acceso ao persoal non autorizado, así como as posibles perdas de información:

- As persoas autorizadas para acceder á canle de denuncias, están obrigados a gardar confidencialidade sobre os datos postos no seu coñecemento.
- As persoas encargadas da xestión do Sistema Interno de Información, deberán asinar un compromiso expreso e específico de confidencialidade.
- A persoa denunciada non poderá acceder aos datos do informante nin de calquera persoa que poida estar implicada na denuncia.

#### *ARTIGO 22. PRAZO MÁXIMO PARA DAR RESPONSTA ÁS ACTUACIÓNS DE INVESTIGACIÓN.*

1. O prazo máximo para dar resposta ás actuacións de investigación é de tres meses a contar desde a recepción da comunicación/denuncia.

2. No supostos en que non se remita acuse de recibo ao informante, o prazo máximo de resposta comezará a contarse a partir do vencemento do prazo de sete días despois de efectuarse a comunicación, salvo casos de especial complexidade que requiran unha ampliación do prazo, nese caso, este poderá estenderse ata un máximo doutro tres meses adicionais.

### *CAPÍTULO II. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO*

#### *ARTIGO 23. TRÁMITE DE ADMISIÓN DA DENUNCIA.*

1. Rexistrada a denuncia ou información, e sendo emendada, no seu caso, o Concello de Cerdedo-Cotobade comprobará se os feitos ou condutas denunciados se atopan dentro do ámbito de aplicación recollido no artigo 6 deste Regulamento, e decidirá nun prazo que non poderá ser superior a dez días hábiles desde a data da súa entrada no rexistro:

a) Inadmitir a denuncia

1. Cando os feitos relatados carezan de toda verosimilitude.
2. Cando os feitos relatados non sexan constitutivos de infracción do ordenamento xurídico incluída no ámbito de aplicación desta lei.
3. Cando a comunicación careza manifestamente de fundamento ou existan indicios racionais de obterse mediante a comisión dun delito.
4. Cando a denuncia non conteña información nova e significativa sobre infraccións xa comunicadas anteriormente e respecto das cales concluíron os correspondentes procedementos, salvo que se dean novas circunstancias de feito ou de dereito que xustifiquen un novo ou diferente seguimento. Nestes casos, o Concello de Cerdedo-Cotobade notificará a resolución que recaia debidamente motivada.

b) Admitir a trámite a comunicación/denuncia.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

2. Se a denuncia é admitida a trámite, o Concello de Cerdedo-Cotobade procederá á apertura dun expediente, e ao nomeamento dun Instrutor e un Secretario, que realizarán as funcións enumeradas no artigo 26 do presente regulamento.

3. A admisión a trámite comunicárase ao informante dentro dos 10 días hábiles seguintes, salvo que a comunicación fose anónima ou o informante renunciase a recibir comunicacións, e remitirase ao comité antifraude para a súa tramitación.

4. A inadmisión da denuncia acordárase mediante resolución motivada que deberá ser notificada ao informante dentro dos 10 días hábiles seguintes, salvo que a comunicación fose anónima ou o informante renunciase a recibir comunicacións.

#### *ARTIGO 24. APRECIACIÓN DE MALA FE OU TEMERIDADE.*

Se se aprecia mala fe ou temeridade na denuncia interposta, darase traslado a xefe de persoal para que, se se estima oportuno, proceda á apertura do correspondente expediente disciplinario.

#### *ARTIGO 25. INDICIOS DE DELITO.*

Cando os feitos denunciados/comunicados puidesen ser indiciariamente constitutivos de delito, remitirase a información recibida ao Ministerio Fiscal con carácter inmediato. No caso de que os feitos afecten os intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.

#### *ARTIGO 26. INSTRUCIÓN.*

1. A instrución comprenderá todas aquelas actuacións encamiñadas a comprobar a verosimilitude dos feitos denunciados. A tales efectos:

- a) Investigaranse os feitos.
- b) Recompilaranse as evidencias necesarias, que permitan sustentar os resultados da investigación.
- c) Documentaranse e rexistrarán no sistema establecido ao efecto, as accións realizadas.
- d) Darase trámite de audiencia á persoa denunciada, aos afectados e aos terceiros que poidan actuar como testemuñas, cuxa intervención terá carácter estritamente confidencial.
- e) Elaborar o informe final.

2. Se para efectuar a investigación, necesítanse coñecementos especializados ou a intervención de expertos, o Concello de Cerdedo-Cotobade deberá facilitar ao instrutor, os medios materiais e persoais necesarios, xa sexan internos ou externos.

3. Todas as actuacións deben documentarse debidamente polo Secretario do procedemento que, no seu caso, deben dar fe do contido das dilixencias practicadas.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

*ARTIGO 27. INFORMACIÓN E DEREITOS DA PERSOA DENUNCIADA.*

1. Admitida a trámite a denuncia/comunicación presentada e considerada suficiente a información achegada, a persoa afectada ten dereito a que se lle informe das accións ou omisións que se lle atribúen, e a ser ouvida en calquera momento, podendo comparecer asistida de avogado.

2. Dita comunicación terá lugar no tempo e forma que se considere adecuado para garantir o bo fin da investigación.

3. Comunicaráselle, polo menos, os datos referentes ao órgano encargado da xestión da denuncia, os feitos denunciados, os dereitos que lle asisten e o procedemento de tramitación da denuncia.

4. A persoa denunciada terá dereito a acceder aos datos rexistrados, excepto a identidade da persoa denunciante e a doutras persoas afectadas polo expediente.

5. Tamén terá dereito a coñecer a posible comunicación dos datos, ao amparo da normativa, tanto a xuíces e Tribunais, como ás persoas ou organismos que se estimen pertinentes, implicadas en calquera fase da investigación; e de que se lle informe da resolución, sobresemento ou arquivo da denuncia, no seu caso.

6. A persoa denunciada ten dereitos a presentar alegacións por escrito no prazo de 10 días hábiles contados a partir da recepción da notificación da comunicación/denuncia, podendo achegar aqueles medios de proba que considere adecuados e pertinentes.

7. A/s persoas/s denunciada/s ten/n dereito a que se respecte a súa presunción de inocencia e o seu dereito á honra e á defensa.

*ARTIGO 28. ACTIVIDADE DE INVESTIGACIÓN E DEBER DE COLABORACIÓN.*

1. Os funcionarios municipais que desenvolvan actividades de investigación terán a consideración de axentes da autoridade no exercicio das súas funcións e estarán obrigados a gardar segredo sobre as informacións que coñezan con ocasión do devandito exercicio.

2. Todas as persoas naturais ou xurídicas, privadas ou públicas, están obrigadas a colaborar coas autoridades competentes e estarán obrigadas a atender os requirimentos que se lles dirixan para achegar documentación, datos ou calquera información relacionada cos procedementos que se estean tramitando, incluso os datos persoais que lle fosen requiridos.

*ARTIGO 29. TERMINACIÓN DAS ACTUACIÓNS.*

1. Concluídas todas as actuacións, o instrutor emitirá un informe final que conterá polo menos:

- a) Unha exposición dos feitos denunciados xunto co código de identificación da comunicación e a data de rexistro de entrada.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

- b) (no seu caso se así se considera) A clasificación da comunicación/denuncia a efectos de coñecer a súa prioridade ou non na súa tramitación.
- c) As actuacións realizadas co fin de comprobar a verosimilitude dos feitos.
- d) As conclusións alcanzadas na instrución e a valoración das probas achegadas, das dilixencias realizadas e dos indicios que as sustentan.
- e) As recomendacións que crea oportuno realizar.

2. No citado informe, proporase a adopción dalgunha das seguintes decisións:

- a) Arquivo do expediente, que será notificado ao informante e, no seu caso, á persoa afectada. Nestes supostos, o informante terá dereito á protección prevista nesta lei, salvo que, como consecuencia das actuacións levadas a cabo en fase de instrución, concluíse que a información á vista da información solicitada, debía ser inadmitida por concorrer algunha das causas previstas no artigo 23.1.a).
- b) Remisión ao Ministerio Fiscal se, a pesar de non apreciar inicialmente indicios de que os feitos puidesen revestir o carácter de delito, así resultase do curso da instrución. Se o delito afectase os intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.
- c) Traslado de todo o actuado á autoridade competente, de conformidade co disposto no artigo 23.3.
- d) Adopción de acordo de inicio dun procedemento sancionador nos termos previstos no título V do presente regulamento.

4. O Concello de Cerdedo-Cotobade, á vista do sinalado no informe do instrutor, adoptará acordo motivado polo que se estime ou desestime a denuncia interposta, xustificando, en calquera caso, a decisión adoptada mediante a análise das actuacións realizadas e a documentación e información achegada ao longo do procedemento polo instrutor.

3. Unicamente caberá a interposición de recurso administrativo ou contencioso administrativo fronte ás eventuais resolucións que poñan fin ao procedemento sancionador que puidese incoarse con ocasión dos feitos comunicados/denunciados.

#### *TÍTULO V. RÉXIME SANCIONADOR*

#### *ARTIGO 30. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.*

O exercicio da potestade sancionadora levará a cabo conforme aos principios, regras de procedemento e tipificacións de infraccións e sancións previstas respectivamente na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

*ARTIGO 31. AUTORIDADE SANCIONADORA.*

O exercicio da potestade sancionadora prevista no ámbito regulado no presente regulamento, corresponde ao Consello de Contas de Galicia.

*ARTIGO 32. SUXEITOS RESPONSABLES.*

Estarán suxeitos ao réxime sancionador establecido nesta lei as persoas físicas e xurídicas que realicen calquera das actuacións descritas como infraccións na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Disposición transitoria única/primeira. Adaptación dos Sistemas e canles internas de información existentes.

O sistema interno de comunicación e a súa correspondente canle existente a entrada en vigor deste regulamento servirá para dar cumprimento ás previsións deste regulamento a condición de que se axusten aos requisitos establecidos.

*DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA/PRIMEIRA. ENTRADA EN VIGOR.*

O presente Regulamento será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e entrará en vigor unha vez transcorrese o prazo establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou resulten incompatibles co presente Regulamento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer polos interesados que esgota a vía administrativa, poderán interpor os seguintes recursos de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- Potestativamente, recurso de reposición, ante o Pleno do Concello no prazo dun mes computado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015).
- Recurso contencioso –administrativo, ante a Sala do Contencioso – administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

En Cerdedo-Cotobade

O alcalde.

Asdo Jorge Cubela López.Documento asinado dixitalmente na data reflectida

